



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO PARA O DIA XOVES 25 DE XANEIRO DE 2024

En cumprimento do previsto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no 78 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal o 6 de xullo do 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do **Pleno da Corporación Municipal** para:

- ➔ Día: xoves 25 de xaneiro de 2024
- ➔ Hora: 20:00
- ➔ Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

PARTE I. ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 30 DE NOVEMBRO DE 2023.
2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 29 DE DECEMBRO DE 2023.
3. SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "MEJORA DOTACIONAL Y AMBIENTAL DE LA RIBERA DEL SAR. FASE 1. CAMPO DA BARCA (PADRÓN)".
4. APROBACIÓN DO IV PLAN EXTRATÉXICO DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE PADRÓN.
5. SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DA HORTA Á MESA RUTA DO PEMENTO DE HERBÓN 2024.

PARTE II. CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

6. DACIÓ DE CONTA DOS DECRETOS DO ALCALDE DO NÚMERO 840/2023 AO NÚMERO 948/2023 E DO NÚMERO 01/2024 AO NÚMERO 29/2024.
7. MOCIÓNS DE URXENCIA.
8. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>) e no de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca